

## **ANEXO II: Índice personaxes históricas**

### **Afonso III (rei) (R, 22)**

D. Afonso III (Coimbra, 1210 – Lisboa, 1279), segundo fillo de Afonso II e D. Urraca, comezou a gobernar Portugal, como rexente, en 1246, tras o afastamento do seu irmán D. Sancho II, aínda que só asumirá o título de rei tras a morte deste, en xaneiro de 1248. En 1254 ordenou reunir as primeiras cortes con representantes do pobo. Alén de estimular a organización e poboamento de Portugal, concluíu o proceso da Reconquista en 1249. Casou primeiro con D. Matilde e despois con D. Beatriz, coa que tivo seis fillos: Branca, Fernando, Dinis, Maria, Afonso e Sancha. A historia telle atribuído o cognome de “O bolonhês”.

### **Alves, Jorge (R, 241-242)**

Jorge Alves (-Bucarest, 1968) Axente da GNR coñecido por ter axudado aos dez dirixentes comunistas durante a fuga de Peniche do 3 de xaneiro de 1960, protagonizada por Álvaro Cunhal. Despois de telos axudado a escaparen da prisión, escondéndoos debaixo da súa capa até ás paredes do forte, o policía viaxou esa noite no mesmo carro de Cunhal, partiu para o exilio na Rumanía coa axuda do PCP, e nunca máis volveu a Portugal. A súa muller e varios familiares foron presos pola PIDE.

### **Caetano, Marcello (R, 126, 133, 149, 153, 157, 163, 189, 230, 253, 277)**

Marcelo José das Neves Alves Caetano (Lisboa, 1906 - Rio de Janeiro, 1980) foi profesor de Dereito na Universidade de Lisboa e un dos máis destacados dirixentes políticos durante o Estado Novo. Debido á incapacidade de Salazar, foi escollido para o suceder no poder, sendo nomeado presidente do Conselho de Ministros o 27 de setembro de 1968. Nos primeiros momentos do seu goberno tentou tomar algunhas medidas de liberalización do réxime, mais no

esencial acabou por manter a estrutura represiva da ditadura e os problemas inherentes á guerra colonial, o que produciu o golpe militar do 74, que acabou coa súa deposición.

**Camões, Luís Vaz de** (R, 50, 76)

Luís Vaz de Camões (Lisboa, ca. 1524 - 1580) é considerado unha das maiores figuras da literatura portuguesa e un dos grandes poetas de toda a literatura universal. Considérase que a súa obra está inscrita entre o clasicismo e o manierismo. Da súa produción destacan o grande poema épico *Os Lusíadas* e as súas rimas recollidas

**Castro, Inês de** (R, 50, 76)

Inês de Castro (Galiza, ca. 1320/1325 - Coimbra, 1355) foi unha nobre galega que se converteu en raíña póstuma de Portugal pola súa relación co que sería D. Pedro I, de quen tivo catro fillos. Foi executada por orde do pai deste, o rei D. Afonso IV en 1355, mais cando D. Pedro se converteu no oitavo rei de Portugal, en 1357 fixo a Declaração de Cantanhede, lexitimando os fillos ao afirmar que se tiña casado secretamente con D. Inês, en 1354. É por iso que se di que foi a única raíña galega que tivo a historia portuguesa, aínda que fose despois de morta. A súa lenda converteuse nunha das máis recorridas de toda a literatura portuguesa.

**Cunhal, Álvaro** (R, 7, 153, 233, 237)

Álvaro Barreirinhas Cunhal (Coimbra, 1913 — Lisboa, 2005) foi un histórico dirixente do Partido Comunista Portugués. Político e escritor, foi un dos máis coñecidos opositores e resistentes ao Estado Novo. Dedicou toda a súa vida ao ideal comunista e ao seu partido, do que foi secretario xeral desde 1961 –aínda na clandestinidade– até 1992, cando foi sucedido por Carlos Carvalhas. Foi ministro sen carteira durante todos gobernos provisorios tras o 25 de abril do 74 e máis tarde deputado na Assembleia da República entre 1975 e 1992. En 1982,

converteuse en membro do Consello de Estado, abandonándoo dez anos despois, cando abandonou a secretaría do PCP.

**Delgado, Humberto** (R, 234)

Humberto Delgado (Torres Novas, 1906 - Fragernal de la Serra, Badajoz, 1965), coñecido como o “xeneral sen medo”, foi oficial da Forza Aérea e destacou por ser un dos principais opositores a Oliveira Salazar, tras concorrer ao cargo de presidente de República nas eleccións de 1958. Como candidato da oposición democrática contra o almirante Américo Tomás, declarou que se vencesse, apartaría ao ditador do poder . Tras a derrota nas eleccións pola fraude electoral, exiliouse no Brasil, indo despois para Arxelia e España e liderando mentres una das faccións da oposición á Ditadura, até que foi asasinado pola PIDE.

**Días Lourenço, A.** (R, 237, 238)

António Dias Lourenço (Vila Franca de Xira, 1915 – Lisboa, 2010), foi un dos mais destacados dirixentes comunistas da historia do Partido Comunista Portugués. En 1954 protagonizou unha audaz fuga da prisión de Peniche, experiencia que o levou, nun traballo meticuloso que durou varios meses, a organizar a famosa “fuga de Peniche”, de Álvaro Cunhal de 1960. Durante a súa vida, integrou o Secretariado do PCP entre 1957 e 1962, ano en que foi preso pola segunda vez, tendo pasado un total de 17 anos nas cadeas fascistas. Converteuse en director do xornal *Avante!* desde a súa saída da clandestinidade en 1974 e até 1991. Foi tamén deputado entre 1975 e 1987 e formou parte da Assembleia Constituinte, contribuíndo á elaboración da constitución democrática.

**Dinís, D. (rei)** (*R*, 22, 51)

Don Dinís (Santarém, 1261-1325) era o fillo de D. Afonso III e de D. Beatriz de Castela, fillo de Afonso X. Foi o sexto rei de Portugal, co o cognome “O Lavrador” polo grande impulso que deu á agricultura e a ampliación do Pinhal de Leiria ou “o Rei-Poeta” debido á súa importante obra literaria. O seu reinado iniciouse o 16 de febreiro de 1279 e casou en 1288 con D. Isabel de Aragón, que ficaría coñecida como a “Raíña santa” e de quen tivo os fillos D. Constança e D. Afonso IV, que o sucederá no trono.

**Galvão, Henrique** (*R*, 233, 235)

Henrique Galvão (Barreiro, 1895 - São Paulo, 1970) foi un militar coñecido pola oposición ao Estado Novo tras a II Guerra Mundial. Dirixiu, xunto a Humberto Delgado, o asalto ao paquete Santa María en 1961, do cal se apoderou dirixindo un grupo de 24 homes. Anteriormente ocupara un posto distinguido na administración colonial e escribira varias obras sobre o tema.

**Gomes, Joaquim** (*R*, 238)

Joaquim Gomes (Marinha Grande, 1917 - 2010) foi operario na industria vidreira da Marinha Grande desde moi novo e, durante a década dos trinta, inicia a súa actividade de militante comunista. En 1934, xa como membro do Partido Comunista Portuguê, pasa a formar parte do Comité Local do partido. Foi aí que encabezou as primeiras loitas por reivindicacións salariais e contra o traballo violento e as arbitrariedades do patronato. Foi preso até tres veces pola PIDE e logrou fuxir da cadea en dúas ocasións, unha delas no ano 60 xunto Álvaro Cunhal, Jaime Serra, Carlos Costa e outros militantes do Partido, a célebre fuga de Peniche. Tras a revolución de Abril e até o XV Congreso en 1996 foi membro do Comité Central do PCP. Exerceu responsabilidades no ámbito da Comissão Administrativa e Financeira e da Comissão de Património Central até a súa morte.

**Hitler, Adolf (R, 53)**

Adolf Hitler (Austria, 1889 – Berlín, 1945) foi o dirixente da Alemaña nazi. Líder do Partido Nacionalsozialista Alemán dos Traballadores (en alemán Nationalsozialistische Deutsche Arbeiterpartei, NSDAP), tamén coñecido por Nazi, Hitler converteuse en chanceler e, posteriormente, ditador alemán. Fillo dun funcionario de alfándega dunha cidade fronteiriza de Austria con Alemaña, converteuse en xefe do goberno de Alemaña en xaneiro de 1933 e en xefe de Estado en agosto de 1934. Desenvolveu unha política baseada na necesidade de expansión territorial para obter o chamado "espazo vital" (Lebensraum), no anticomunismo e no antisemitismo, que tería a súa maior expresión no Holocausto.

**Lopes Vieira, Afonso (R, 36)**

Afonso Lopes Vieira (Leiria, 18781 — Lisboa, 1946) foi un poeta portugués. Licenciado en Dereito pola Universidade de Coimbra, como escritor levou a cabo innúmeras tentativas de rehabilitación dun patrimonio nacional, nomeadamente clásico e medieval, esquecido, sexa a través da tradución ou da divulgación de obras de autores basilares da cultura nacional (edição de *Os Lusíadas* ou a promoción dunha Campanha Vicentina). Integrado no grupo da Renascença Portuguesa, colaborou en publicacións como *A Águia*, *Nação Portuguesa* ou *Contemporânea*. A súa poesía, próxima do saudosismo, reflicte a transición entre a poesía neorromántica de fin de século e correntes nacionalistas e sebastianistas do inicio do século XX, recuperando métricas, formas e temas tanto inspirados na literatura clásica como nos romanceiros ou na literatura popular. Destacam-se na sua produção: Para quê, Náufragos: Versos Lusitanos, O Encoberto, Bartolomeu Marinheiro, Arte Portuguesa, Ilhas de Bruma e Onde a Terra Acaba e o Mar Começa

**Marx, K.** (R, 107)

Karl Marx (Tréveris, 1818 – Londres, 1883), economista e pensador alemán que viviu boa parte da súa vida en Inglaterra, é o pai do marxismo, teoría filosófico-económica que tivo unha ampla vixencia no século XX. A súa obra máis destacada, *O Capital*, é, despois da Biblia, a obra escrita con máis difusión no mundo. Destacan tamén o *Manifesto do Partido Comunista* (1848), *A guerra civil en Francia* e outras moitas obras escritas na súa meirande parte co seu colaborador e tamén economista Friedrich Engels. Marx é considerado un dos pensadores máis influentes da Historia e unha figura clave na análise da historia, a sociedade, a política e a economía mundiais. O seu pensamento é, pois, indispensable para entender os procesos sociais e políticos que percorren o século XX e constitúe a orixe ideolóxica do comunismo.

**Miranda, Dinís** (R, 296)

Preso no cárcere de Peniche pola súa oposición ao Estado Novo, segundo apuntan os documentos do momento, foi o primeiro preso en abandonar a prisión o día 26 de abril de 1974, cando todos os presos políticos da cadea son postos en liberdade. Os contos ilustrados que formaban parte das cartas escritas durante a súa estadía en Peniche, dirixidos ás súas fillas Eulália e Silvina Miranda, foron censurados pola PIDE e requisados. Hoxe están expostos no Museo Municipal de Peniche e, segundo a propia Rosa Aneiros ten afirmado e recolle na dedicatoria de *Resistencia*, deles partiu a idea de crear a novela.

**Mondlane, Eduardo** (R, 95)

Eduardo Chivambo Mondlane (Manjacaze, Gaza, 1920 — Dar es Salaam, 1969) foi un dos fundadores e primeiro presidente da Frente de Libertação de Moçambique (FRELIMO), a organización que loitou pola independencia de Mozambique do dominio colonial portugués.

Tras o inicio da loita armada cos portugueses, Mondlane foi reelixido como presidente, no II Congreso da FRELIMO en 1968. Morreu o 3 de febreiro de 1969 ao abrir unha encomenda que contiña unha bomba, que, segundo se sospeita, tería sido preparada pola PIDE, mais nunca ficou esclarecido. O día da súa morte é celebrado en Mozambique como o Día dos Heroes Mozambicanos.

**Mussolini, B.** (R, 53)

Mussolini (Predappio, 1883 - Dongo, 1945), foi o primeiro ditador fascista de Europa. Tras uns comezos como militante socialista, despois da I Guerra Mundial, aproximouse á extrema-dereita e creou o Partido Fascista Italiano (1921), portador de unha ideoloxía autoritaria e anti-parlamentar. No seu discurso predominaba o eloxio da violencia como forma de actuación decisiva e privilexiada na política. É no seguimento de unha política agresiva e á marxe dos principios e métodos parlamentares como Mussolini acada o poder, despois de unha Marcha sobre Roma, en 1922, que leva ao rei a encargarlle formar goberno. Así, ocupou o cargo de primeiro ministro do Reino de Italia ata 1943, cando foi obrigado a entregar o poder. Fuxiu ao norte onde proclamou a República Social Italiana de Saló. Detido pola resistencia, morreu fusilado xunto coa súa amante, Clara Petacci.

**Oliveira Salazar, A.** (R, 18, 53, 94, 113, 126, 153, 163)

António de Oliveira Salazar (Vimieiro, 1889 – Lisboa, 1970), profesor universitario e estadista, foi o ditador do estado portugués durante máis de corenta anos. Foi o fundador e xefe da Unión Nacional (partido único durante o Estado Novo) a partir de 1931, así como o fundador e principal mentor do Estado Novo (1933-1974), que substituiría a ditadura militar comezada en 1926. Foi ministro das Finanzas entre 1928 e 1932 e, entre 1932 e 1968, foi o estadista que

dirixiu os destinos de Portugal, co cargo de Presidente do Consello de Ministros (primeiro ministro). Tamén exerceu o cargo de Presidente interino da República durante o ano de 1951.

**Pedro I, D. (rei) (R, 50, 76)**

D. Pedro I (Coímbra, 1320 - Estremoz, 1367), fillo do rei D. Afonso IV e de D. Beatriz de Castela, accedeu ao trono en 1357, tras a morte do seu pai. Tras vingar a morte da súa suposta esposa, segundo el afirmou, Inés de Castro, en 1360, tendo mandado executar dous dos seus asasinou cunha violencia extrema, será coñecido para sempre na historia portuguesa como “Pedro o Justiceiro” e tamén como “O cruel”. En 1336 casara con D. Constança Manuel, de cuxo matrimonio naceu D. Fernando, o seu sucesor no trono. Doutra relación que D. Pedro tivera con D. Teresa Lourenço, naceu o fillo bastardo D. João, que ocupará o cargo de mestre de Avis e, en 1385, sería aclamado rei como D. João I.

**Pombal, Marqués de (R, 17)**

Sebastião José de Carvalho e Melo (Lisboa, 1699-Pombal, 1782) foi feito conde de Oeiras en 1759 e marqués de Pombal en 1769, pasando a ser coñecido por este nome. Como político, o seu poder dominou grande parte do reinado de D. José, quen o nomeou Secretário de Estado dos Negócios Estrangeiros e da Guerra. En 1755, recibiu do rei autoridade para pasar a dirixir a política do país, de acordo coa doutrina do despotismo esclarecido. Promoveu unha economía mercantilista, expulsou os xesuítas do país e pretendeu crear un ensino laico, alén de promover unha reforma da Universidade de Coímbra, onde introduciu o ensino científico. Tras a morte de D. José en 1779, será afastado do goberno no que se deu en chamar o proceso da “Viradeira”.



**Serra, Jaime** (*R*, 238)

Jaime Serra (Portugal, 1921-) comezou a traballar na construción civil aos 15 anos de idade, afiliouse ao PCP en 1936. Son coñecidas as súas responsabilidades na célula do Arsenal do Alfeite, en 1940, e a súa pasaxe á clandestinidade sete anos despois, durante as folgas nas empresas de construción naval. Estivo varias veces na prisión durante a súa vida e protagonizou até tres fugas, a última a do forte de Peniche, xunto a Álvaro Cunhal en 1960. Tras a Revolución de Abril, tivo responsabilidades como membro da Comissão Política do Comité Central, tendo sido deputado á Assembleia Constituinte e á Assembleia da República. A partir de 1988, pasou a integrar a Comissão Central de Controllo e Quadros do PCP e, máis adiante, a Comissão Administrativa e Financeira.

**Soutomaior, J.** (*R*, 234)

José Fernando Fernández Vázquez (Galiza 1904 - Caracas, 1986), coñecido como Jorge de Soutomaior ou Comandante Sottomayor, foi un militar español que, nos seus comezos como alférez de navío, foi confinado en África pola súa afiliación republicana en 1928, durante a ditadura militar de Primo de Rivera. Afiliado ao Partido Comunista de España (PCE) desde 1933, nos comezos da Guerra Civil española foi ascendido a tenente de navío e destinado en Vilagarcía de Arousa coa misión de defender a Ría. No entanto, o trunfo franquista en Galiza fai que se teña que refuxiar na Serra de Barbanza, permanecendo alí cun grupo de homes armados até agosto de 1937, cando foxe a Portugal. En 1948 abandona o PCE e, exiliado en Venezuela, foi uno de los fundadores do Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación (DRIL), tomando parte activa no secuestro do barco Santa María, propiedade do Estado portugués, no suceso coñecido como “Operación Dulcinea”, dirixido por Henrique Galvão.

**Spínola, A. (R, 253)**

António Sebastião Ribeiro de Spínola (Estremoz, 1910 - Lisboa, 1996) foi un militar e político portugués, décimo cuarto presidente da República Portuguesa e o primeiro após o 25 de Abril de 1974. En 1968 fora nomeado gobernador militar de Guinea-Bissau e de novo en 1972, no auxe da guerra colonial. Practicou unha política de respecto pola individualidade das etnias guinenses. Tras rexeitar o ministerio de Ultramar, que Caetano lle ofreceu en 1973, por non aceptar a intransixencia governamental cara ás colonias, en 1974, foi nomeado vice-xefe do Estado-Maior das Forças Armadas, por sugestão de Costa Gomes, cargo de que pronto foi afastado. Na súa obra *Portugal e o Futuro* expresaba a idea de que a solución para o problema colonial portugués pasaba por outras vías que non eran a da guerra. Como representante do Movimento das Forças Armadas, foi el quen recibiu, do Presidente do Conselho de Ministros, Marcelo Caetano, a rendición do Goberno. Isto permitiulle asumir así os seus poderes públicos, aínda que esa non era a intención orixinal do MFA.

**Velo, Pepe (R, 234)**

Xosé Velo Mosquera (Celanova, 1916 - São Paulo, 1972) foi un político nacionalista galego. Xunto a Celso Emilio Ferreiro, organizou en 1932 as Mocidades Galeguistas en Celanova, formando parte do primeiro Consello Nacional da Federación de Mocidades Galeguistas (FMG), da que foi secretario xeral. Tras a sublevación do 36 foi detido e, unha vez saíu de prisión, tívose que incorporar ao exército sublevado. Tras finalizar a guerra, abre unha academia de ensinanza e, en 1944, é detido en Vigo debido aos seus contactos con organizacións galeguistas do exilio. Beneficiado por unha amnistía, saíu de prisión en 1945 e en 1948 fuxiu a Portugal, onde foi detido pola PIDE, ata que fuxiu a Venezuela. Alí entrou en contacto co grupo da oposición española que dirixía Alberto Bayo desde Cuba, mais descontento coa actuación

de este grupo organizou, con membros da oposición salazarista portuguesa e con outros galegos o Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación (DRIL) en 1959. Velo foi o secretario xeral da organización xunto a Delgado e participou con outros membros galegos e portugueses desta na toma do buque portugués Santa María en 1961, que pretendía chamar a atención internacional sobre los réximes ditatoriais da Península Ibérica.